

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

11160 *Lei orgánica 15/2015, do 16 de outubro, de reforma da Lei orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional, para a execución das resolucións do Tribunal Constitucional como garantía do Estado de dereito.*

FELIPE VI

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica:

PREÁMBULO

Un dos principais compoñentes do exercicio de calquera función xurisdiccional é a existencia de instrumentos suficientes para garantir a efectividade das resolucións ditadas no exercicio da dita función.

A garantía da dita efectividade é un elemento esencial para a existencia dun Estado de dereito, xa que sen esta garantía tal Estado non existiría.

A nosa Constitución encoméndalle ao Tribunal Constitucional a función de ser o seu supremo intérprete e garante mediante o exercicio da súa función xurisdiccional.

Aínda que a actual regulación do Tribunal Constitucional contén os principios xerais para garantir a efectividade das súas resolucións, a necesidade de adaptarse ás novas situacións que pretenden evitar ou esquivar tal efectividade obriga a desenvolver os instrumentos necesarios para que a garantía de efectividade sexa real.

Para iso, a reforma contida nesta lei orgánica introduce, en sede constitucional, instrumentos de execución que dotan o Tribunal dun feixe de potestades para garantir o cumprimento efectivo das súas resolucións.

Así, a reforma desenvolve as funcións de auxilio xurisdiccional de tal maneira que o Tribunal poida acometer a execución das súas resolucións, ben directamente ou ben a través de calquera poder público.

Para tales efectos, a reforma atribúelles o carácter de título executivo ás resolucións do Tribunal e establece, en materia de execución, a aplicación supletoria da Lei da xurisdición contencioso-administrativa.

Tamén se abre a posibilidade de que o Tribunal poida acordar que as súas resolucións se lle notifiquen a calquera autoridade ou empregado público.

A reforma establece un réxime específico para os supostos de incumprimento das resolucións do Tribunal Constitucional. Nestes casos, o Tribunal solicitará un informe a quen deba cumprilas e, unha vez que reciba o informe ou venza o prazo que se deu, o Tribunal poderá impor multas coercitivas, acordar a suspensión das autoridades ou empregados públicos responsables do incumprimento, ou encomendar ao Goberno da Nación, mesmo en funcións, a execución substitutoria. Todo isto sen prexuízo de que se poidan exixir as responsabilidades penais que correspondan.

Así mesmo, permítese que, en situacións nas cales concorran circunstancias de especial transcendencia constitucional, como, por exemplo, os supostos de incumprimento notorio, e se trate da execución das resolucións que acorden a suspensión das disposicións, actos ou actuacións impugnadas, o Tribunal poida adoptar as medidas de execución necesarias *inaudita parte*. Aínda que, na mesma resolución que as acorde, dará audiencia ás partes e ao Ministerio Fiscal, trámite tras o cal decidirá o mantemento, a modificación ou a revogación das medidas inicialmente adoptadas.

Artigo único. *Modificación da Lei orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional.*

A Lei orgánica 2/1979, de 3 de outubro, do Tribunal Constitucional, modifícase nos seguintes termos:

Un. Modifícase o artigo 80, que queda redactado do seguinte modo:

«Aplicaranse, con carácter supletorio da presente lei, os preceptos da Lei orgánica do poder xudicial e da Lei de axuízamento civil, en materia de comparecencia en xuízo, recusación e abstención, publicidade e forma dos actos, comunicacións e actos de auxilio xurisdiccional, día e horas hábiles, cómputo de prazos, deliberación e votación, caducidade, renuncia e desistencia, lingua oficial e policía de estrados.

En materia de execución de resolucións aplicarase, con carácter supletorio da presente lei, os preceptos da Lei da xurisdición contencioso-administrativa.»

Dous. Modifícase o artigo 87, que queda redactado nos seguintes termos:

«1. Todos os poderes públicos están obrigados ao cumprimento do que o Tribunal Constitucional resolva.

En particular, o Tribunal Constitucional poderá acordar a notificación persoal das súas resolucións a calquera autoridade ou empregado público que se considere necesario.

2. Os xulgados e tribunais prestarán con carácter preferente e urxente ao Tribunal Constitucional o auxilio xurisdiccional que este solicite.

Para estes efectos, as sentenzas e resolucións do Tribunal Constitucional terán a consideración de títulos executivos.»

Tres. Modifícase o artigo 92, que pasará a ter a seguinte redacción:

«1. O Tribunal Constitucional velará polo cumprimento efectivo das súas resolucións. Poderá dispor na sentenza, ou na resolución, ou en actos posteriores, quen debe executala, as medidas de execución necesarias e, de ser o caso, resolver as incidencias da execución.

Poderá tamén declarar a nulidade de calquera resolución que contraveña as ditadas no exercicio da súa xurisdición, con ocasión da execución destas, logo de audiencia do Ministerio Fiscal e do órgano que as ditou.

2. O Tribunal poderá solicitar o auxilio de calquera das administracións e poderes públicos para garantir a efectividade das súas resolucións, que o prestarán con carácter preferente e urxente.

3. As partes poderán promover o incidente de execución previsto no número 1, para propor ao Tribunal as medidas de execución necesarias para garantir o cumprimento efectivo das súas resolucións.

4. No caso de advertirse que unha resolución ditada no exercicio da súa xurisdición pode estar sendo incumplida, o Tribunal, de oficio ou por instancia dalgunha das partes do proceso en que se ditase, requirirá as institucións, autoridades, empregados públicos ou particulares a quen corresponda levar a cabo o seu cumprimento para que no prazo que se lles fixe informen respecto diso.

Recibido o informe ou transcorrido o prazo fixado, se o Tribunal aprecia o incumplimento total ou parcial da súa resolución, poderá adoptar calquera das medidas seguintes:

a) Imporlles multa coercitiva de tres mil a trinta mil euros ás autoridades, empregados públicos ou particulares que incumpriren as resolucións do Tribunal; poderase reiterar a multa ata o cumprimento íntegro do mandado.

b) Acordar a suspensión nas súas funcións das autoridades ou empregados públicos da Administración responsable do incumprimento, durante o tempo preciso para asegurar a observancia dos pronunciamentos do tribunal.

c) A execución substitutoria das resolucións ditadas nos procesos constitucionais. Neste caso, o Tribunal poderá requirir a colaboración do Goberno da Nación co fin de que, nos termos fixados polo Tribunal, adopte as medidas necesarias para asegurar o cumprimento das resolucións.

d) Deducir o oportuno testemuño de particulares para exixir a responsabilidade penal que poida corresponder.

5. Se se trata da execución das resolucións que acorden a suspensión das disposicións, actos ou actuacións impugnadas e concorren circunstancias de especial transcendencia constitucional, o Tribunal, de oficio ou por instancia do Goberno, adoptará as medidas necesarias para asegurar o seu debido cumprimento sen oír as partes. Na mesma resolución dará audiencia ás partes e ao Ministerio Fiscal polo prazo común de tres días, tras o cal o Tribunal ditará resolución na cal levante, confirme ou modifique as medidas previamente adoptadas.»

Catro. Suprímese o contido do número 4 actual do artigo 95 e o contido do número 5 pasa a numerarse como 4 coa seguinte redacción:

«4. Os límites da contía destas sancións ou das multas previstas na alínea a) do número 4 do artigo 92 poderán ser revisados, en todo momento, mediante lei ordinaria.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta lei orgánica entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 16 de outubro de 2015.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
MARIANO RAJOY BREY